

# MEMORIA

## PROGRAMA PROA APOIO

### Curso 2009-2010

Centro: IES A XUNQUEIRA I

Coordinador/a: María Luisa Sánchez González

Teléfono: 629635943

Correo electrónico: [luisasanchez@edu.xunta.es](mailto:luisasanchez@edu.xunta.es)

1.- Liñas de actuación seleccionadas. Descrición de cada unha das accións realizadas e avaliación do grao de satisfacción acadado en función dos obxectivos perseguidos con esta selección de actuacións en concreto.

#### Liñas de actuación seleccionadas:

- Atención directa ao alumnado do centro
- Convivencia escolar: Consideramos que dadas as características particulares do noso centro, que recolle alumnado de moi distintas procedencias (do ámbito rural, urbano e alumnado inmigrante) é de vital importancia o traballo pola integración e pola convivencia. Procurouse o presente ano dar un paso adiante e sistematizar un plan de axuda para a integración, e tamén leváronse a cabo varias actividades relacionadas co tema. Consideramos moi positivos para o alumnado os logros obtidos.

- Bibliotecas escolares: continúan as actividades do Clube de Lectura “Esmorga”, con gran participación do alumnado, de todos os cursos de E.S.O. Realízanse reunións semanais en grupos que superan os dez alumnos/as, coordinados pola profesora Mónica Pérez e coa participación de profesorado de diferentes departamentos (lingua, ciencias sociais, educación infantil...).
- Clases de apoio: comezamos este curso cun proxecto plantexado o pasado ano e que dou moi bos resultados. Dúas tardes á semana, en sesións de dúas horas, alumnado de primeiro e segundo de bacharelato acompañou o estudo de alumnado de primeiro e segundo da ESO. Organizouse en grupos pequenos (non máis de oito alumnos/as) acompañados por dous compañeiros/as de bacharelato. Estes controlaba as tarefas dos máis pequenos/as, a súa axenda e o estudo, poidendo ás veces axudar explicando as dúbidas nalgunha materia en concreto. A resposta do alumnado de bacharelato foi moi numerosa, tendo que seleccionar os alumnos/as colaboradores xa que había máis persoas voluntarias das que se precisaban.
- Intervención coas familias
  - Colaboración entra as familias e o centro educativo: organización de “Obradoiros Familiares”, ofrecidos pola ANPA en colaboración co Concello de Pontevedra e o departamento de orientación do centro. Varias sesión con diferentes temas: drogodependencias, comunicación e habilidades sociais, educación sexual. (*ver anexo “Obradoiros Familiares”*)

- Dentro do Plan de Mellora da Convivencia nas aulas, levouse a cabo un obradoiro sobre Riscos e Perigos de Internet para os e as adolescentes, e tamén para o profesorado, pais e nais, impartido por funcionarios do Grupo de Menores da Policía Nacional de Pontevedra. (ver anexo “Menores en Internet” )

Estas actividades foron de gran interese e tiveron bastante participación. Preténdese que as familias falen dos problemas que afectan aos e as adolescentes e que os pais e nais se vencellen á vida do centro. É fundamental que exista un control parental baseado no coñecemento dos problemas e as posibles axudas ou solucións que os seus fillos e fillas demandan e necesitan.

- Relación co entorno

Actividades extraescolares:

- Clases de Badminton, dirixidas polo profesor Luis Rascado en dúas sesións semanais
- Actividades do grupo de teatro AILALERIA dirixido por Manuel Solla e coa intervención de alumnado de diferentes cursos da ESO. Representouse co motivo do fin de curso a obra “As monxas van ás misións“
- Aulas de instrumento. Organizadas polo departamento de música e impartidas por músicos profesionais de diferentes especialidades: saxo, piano, guitarra, baixo eléctrico, batería e canto. A participación do alumnado foi elevada chegando a ter máis de 40

participantes. Esto reflíctese nos logros da banda e do coro do centro que se nutre do alumnado deste PLAN e do resto de escolares. Realizáronse dous importantes concertos e participouse un ano máis no festival de Jazz “Imaxinasons” de Vigo.

Todas estas actividades ademais de obter un éxito de participación son un sinal de identidade que nos distingue como centro e mellora a relación co noso entorno, tendo unha gran repercusión na vida cultural pontevedresa.

2.- Incidencia do programa. Repercusións para o alumnado, o centro e as familias.

- Clases de apoio: a repercusión foi directa xa que estas clases responden a unha demanda moi frecuente: o control do estudo dos máis pequenos/as. Sen pretender ser clases particulares, o alumnado de bacharelato acompañou e supervisou o traballo dos máis pequenos/as. Estas clases pretenden asemellarse ao plan de acompañamento que tamén existe dentro do PROA
- Obradoiros Familiares: moitos padres achegáronse directamente aos problemas da xuventude (drogas, sexo, internet...) e déuselles resposta directa a preguntas que xurden a diario na convivencia cos máis novos/as.
- Aulas de instrumento: como toda actividade extraescolar, mellorou a relación dos alumnos/as coa comunidade educativa. O centro foi un ir e vir de estudantes de música ilusionados e con moitas ganas de participar nos eventos musicais programados polo departamento de Música.
- Clube de lectura: sacrificando o seu tempo de lecer, xa que reuníanse nos recreos, os pais e nais manifestaron a súa satisfacción ao ver os/as rapaces tan interesados na lectura. Os alumnos/as colaboraron ao máximo e o ambiente lector do IES era envexable.
- Grupo de teatro: repercute nos alumnos/as mellorando a súa autoestima e tras varios anos de andadura temos no centro verdadeiros actores e actrices.

Todas as actividades extraescolares repercutieron no centro como

unha vía para darse a coñecer no entorno. Este ano A Xunqueira I foi sen dubida un dos centros máis presentes na prensa e televisión local e provincial. E todo o anterior gracias ao apoio que supón para o centro este Plan.

Este foi tamén un dos anos onde máis invitacións a participar nas actividades recibiron as familias (concertos, representacións, obradoiros...)

3.- Coordinación. Descrición dos mecanismos de funcionamento que se artellaron para levar a cabo accións coordinadas no desenvolvemento do programa e na súa avaliación (coordinador/a, departamentos, titores, familias. equipo directivo, orientación...).

No caso do Clube de lectura, como é unha actividade que comezou o pasado ano, neste continuou co mesmo mecanismo de traballo e a mesma coordinadora. Varios profesores/as ofrecéronse voluntarios para levar os grupos de lectura. Como se explica antes, realizábase a actividade nas horas do recreo, e os grupo rondaban os dez alumnos/as. As lecturas eran consensuadas polo profesorado e o alumnado participantes.

No caso das Clases de Apoio traballo foi máis complicado. Estableceuse un método de control de asistencia e chamada inmediata ás familias, supervisado na súa maioría pola vicedirectora do centro e a coordinadora do Plan. Varios profesores/as facilitaban e corrían traballo de recuperación para os alumnos/as asistentes, e os alumnos/as acompañantes facilitaban o acceso e acompañaban (segundo os casos) aos alumno/as á biblioteca para acceder á información para o estudo, tamén via internet.

No caso dos Obradoiros Familiares, o impulso partiu do departamento de orientación en coordinación coa dirección do centro e a ANPA, e contando coa colaboración do concello e outros

colectivos profesionais como a Policía Nacional.

No caso das Aulas de Instrumentos, o Departamento de Música organizou a búsqueda do profesorado especialista que impartiu as clases, e era o propio departamento o que anunciou a actividade, elaborou as listas de participantes e fixo o control das asistencias. Na maioría dos casos o departamento prestou os instrumentos aos alumnos/as e facilitou o estudo nas aulas do centro.

4.- Profesorado implicado directamente no programa, grao de implicación e satisfacción do profesorado do centro.

O profesorado directamente implicado foi diverso. No *Clube de Lectura* participaron profesores/as do departamento de Lingua, Educación Infantil e Ciencias Sociais.

Nas *aulas de instrument* participaron os profesores/as do departamento de música.

No *badminton*, o profesor de Educación Física.

Nos *Obradoiros Familiares* participou activamente a coordinadora do centro.

Nas *clases de apoio*, participaron profesores principalmente do departamento de Matemáticas e Lingua.

Todo o profesorado participante implicouse ao máximo e están de acordo en que a experiencia foi moi satisfactoria.

5.-Materiais empregados no desenvolvemento das actividades, tanto os xa existentes como os que se elaboraron ou adaptaron no centro especificamente para o programa.

5.1.-Material bibliográfico e impreso (axuntar listaxe bibliográfica ou arquivos).

Libros de texto de primeiro e segundo da eso  
Lecturas específicas do Clube de Lectura  
Partituras musicais (principalmente métodos de iniciación)

5.2.-Material web e en formato dixital (axuntar ligazóns).

Ligazóns de *Imaxinasons*, festival de Jazz de Vigo coa participación do alumnado do IES A Xunqueira I

<http://jazzclub.blogdiario.com/>

<http://www.youtube.com/watch?v=jHcoCi8cqPc>

<http://www.imaxinasons.com/gl/novas/jazz-na-rua-o-sabado-19-coa-orquestra-a-tempo>

<http://www.iesxunqueira1.com/> Esta é a páxina do IES onde aparece información do Clube de Lectura e do Departamento de Música

5.3.-Material de elaboración propia (axuntar arquivos).

- Material para o Obradoiro “Menores en Internet”
- Material “Obradoiros Familiares”
- Presentación concerto no Pazo da Cultura de Pontevedra 14 de abril: <http://formacion.iesxunqueira1.com/concerto>

## 6.- Dificultades atopadas para desenvolver o programa.

Ainda que a participación nas actividades e obradoiros foi superior ao ano pasado, a principal dificultade foi motivar ás familias para que entenderan a importancia de vencellarse ao centro na educación dos seus fillos e fillas. Os temas para a súa participación foron este ano moi atractivos e actuais e verdadeiramente pensamos que as actividades resultaron interesantes.

## 7.- Propostas de mellora para vindeiros cursos.

Mellorar a liña de comunicación coas familias, (normalmente a través de notas informativas que o alumnado presenta na súa casa) fomentar o uso da páxina web como medio de comunicación e información das actividades desenroladas ao longo do ano.

8.-Observacións. Neste apartado pódense incluír aspectos que se consideren importantes e que non estean contemplados nos anteriores.

Pontevedra, a 30 de Xuño de 2010.

O/A coordinador/a,

Vº e praxe, o/a director/a,

Asdo.: M<sup>a</sup> Luisa Sánchez González

Asdo.: Dolores Varela Salgado